

# ENCONTROS DE TECNOLOXÍAS INNOVADORAS

## Explorando os límites do Hardware RX

EVENTO PRESENCIAL

### Programa

#### Presentación

M<sup>ra</sup> José Mariño Fontenla  
Directora de Centros  
Axencia Galega de Innovación

#### Mesa Redonda

Utilidades do Hardware RX

#### Espazos expositivos

Distribuídos entre o Edificio  
Principal e o Edificio de Usos  
Múltiples

#### Charlas sectoriais

En xornadas de mañá e tarde

#### Reunións B2B

Entre empresas e con  
profesionais

O CIS Tecnoloxía e Deseño, pertencente á Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia, situado en Ferrol, ten entre outras misións ser impulsor da innovación, tanto en empresas coma en entidades do ecosistema galego de I+D+i, co fin de xerar valor económico social e sostible.

Entre as accións que desenvolve con ese obxectivo atópanse unha serie de eventos formativos e divulgativos que ven realizando desde hai uns anos e que se presentan baixo o nome de "Encontros de Tecnoloxías Innovadoras", realizados en colaboración coa o rede Enterprise Europe Network.

Dentro destas actividades divulgativas, o próximo 19 de setembro desenvolverase no CIS Tecnoloxía e Deseño o evento presencial "Explorando os límites do Hardware RX" no que diversas empresas e centros de coñecemento de recoñecido prestixio mostrarán como están a utilizar o hardware de realidade virtual, realidade aumentada e mixta, e permitirán que os visitantes profesionais poidan comprobar as súas capacidades e decidir cales deles se axustan mellor ás súas necesidades.

Esta actividade é gratuíta e está orientada a visitantes profesionais, cun límite máximo de 250 inscricións, para facilitar a mellor atención por parte dos expositores ó público asistente.

Habilitarase unha franxa horaria para o acceso de estudantes de universidades e FP,s, os cales poderán asistir sos ou en compañía dos seus docentes.

As inscricións faranse previamente, na seguinte páxina web:  
"Explorando os límites do Hardware RX".

19 de setembro de 9:00 h a 19:00 h . Modalidade: presencial . Prazo de inscrición ata: 18 de setembro.  
Teléfono: 981 337 173 . e-mail: infocistd.gain@xunta.gal